


O cogombro de mar, o gran descoñecido. Cal é o seu papel no océano?



Os cogombros de mar son animais moi importantes no océano porque: 1. os que viven enterrados, axudan á aireación do fondo, 2. o seu tipo de alimentación (detritívora), favorece a reciclaxe de nutrientes, 3. reducen a acidez do océano, contrarrestando os efectos que provoca o cambio climático, 4. son o fogar doutros animais favorecendo que haxa máis especies (maior biodiversidade) e, 5. son o alimento doutros animais (cadea trófica)

1. Aireación
2. Reciclado de nutrientes
3. Redución de acidez
4. Biodiversidade
5. Cadea trófica



Tania Ballesteros Otero

É bióloga e conta cun Mestrado Interuniversitario de Bioloxía Mariña (especialidade en Explotación dos Recursos Mariños). Traballou en diferentes empresas en cultivos mariños, xestión de proxectos, traballos de campo e estudos de calidade. Durante os últimos 5 anos a súa actividade laboral centrouse no cultivo de organismos mariños (microalgas, moluscos, equinodermos e peixes) e no estudo e xestión dos recursos. Na actualidade traballa como persoal investigador en dous proxectos financiados pola Xunta de Galicia: *Estudo da bioloxía, status poboacional e diversidade xenética da holoturia (Holothuria forskali) na ría de Vigo* e *Estudo da variabilidade espacial do ciclo reprodutivo da navalla na ría de Vigo e a súa aplicación á xestión pesqueira*.

Clara Cerviño

Bióloga e ilustradora científica. Despois de se licenciar en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e cursar dous mestrados na Universitat de Barcelona, chegou a Portugal. Alí tivo a oportunidade de realizar o Curso de Formación en Ilustración Científica da Universidade de Aveiro e combinar así as súas grandes paixóns: a bioloxía e o debuxo. Desde entón dedícase profesionalmente á ilustración científica. Ademais é membro do comité asesor de Ilustraciencia e profesora na academia do mesmo nome.